

Primeiro Ciclo Primaria

Día das letras galegas 2014

GRUPO DE TRABAJO «LINGUA E POESÍA. XOSÉ DÍAZ CASTRO NO DÍA DAS LETRAS»

Barca Gómez, Marta
Pedrosa Moreno, Julio
Magalhaes Alonso, Laura
Pena Sánchez, Iván
Domínguez Pérez, Luísa
Andrés Losada, Rosa María
Suárez Hermida, Mario Ramón
Guitián Valeiro, Francisco
Herrero Mayor, Armando Xosé
Santiso Andrade, Paz

GRUPO DE TRABAJO «XOSÉ DÍAZ CASTRO NA REDE. ACTIVIDADES TICS INFANTIL E PRIMARIA»

Barca Gómez, María
Vidal Dopazo, María José
Picado Rodríguez, José Antonio
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Hortas González, Isabel
Félix Cedeira, María del Carmen
Rodríguez Rodríguez, Carlos
Fernández de Sanmamed Maneiro, M^a José
Ojea Montes, María Pilar
Vidal Bariego, Laura

COLEXIOS PARTICIPANTES

CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Milladoiro, de Malpica
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP O Cruce, de Cerceda
CEIP Pardo Bazán, da Coruña
CEIP Ponte dos Brozos, Arteixo
CEIP Portofaro, de Cambre
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás
CEIP W. F. Flórez, de Cambre
CPI O Cruce, de Cerceda
CRA de Culleredo

ASESORÍA PEDAGÓXICA

Celina Santamaría Recio

MAQUETACIÓN E DESEÑO GRÁFICO

Manuel Paz Anido (www.edugaliza.org)

AGRADECEMENTOS

Á Real Academia Galega, á Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, a Nélida, a Carlos Gallego Domínguez, a María Bao Fente, a Alejandra Campo Penín, a Maryem Sali Duque pola súa colaboración, paciencia e xenerosidade.



EDITA

Seminario Permanente de Formación do Profesorado do
CEIP Galán, Oseiro-Arteixo (A Coruña)
www.seminariogalan.org



Xosé María Díaz Castro naceu na parroquia dos Vilares, no concello de Guitiriz, o 19 de febreiro de 1914.

A súa familia era unha familia labrega, aínda que o seu pai traballou unha tempada como escribinte.

Xosé María era coñecido no lugar polo nome de Pepe e, de pequeno, axudaba nos labores do campo e a coidar as vacas.

De neno estudou nunha escola da súa aldea mandada construír polos veciños emigrados a Cuba. A escola era coñecida como « A escola da Conchada».

De mozo foi estudar para crego no Seminario de Mondoñedo e alí comezou a escribir as súas primeiras poesías e a publicar algunhas delas no xornal «El Progreso Villalbés», de Vilalba, en Lugo.


Despois de deixar o Seminario dedicouse a estudar varios idiomas, traballando moitos anos en Madrid como tradutor e profesor de inglés, francés e alemán.

Publicou un libro titulado «Nimbos» cos seus poemas en galego.

Este ano a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas pola defensa e uso que fixo do noso idioma.



Xosé María Díaz Castro



Capa de Nimbos, único libro publicado por Díaz Castro.

QUE PALABRA FALTA?

1.- Completa a frase coa palabra axeitada.

Castro	1914	labrega
Pepe	Mondoñedo	El Progreso Villalbés

Díaz Castro naceu na parroquia dos Vilares no ano

No Seminario de Mondoñedo comeza a escribir poesías, algunhas delas

foron publicadas no xornal

O seu segundo apelido é

A súa familia era unha familia

Na súa aldea era coñecido polo nome de

De mozo foi estudar para crego ao Seminario de

ISTE VAISE E AQUEL VAISE...

2.- A que país emigraron os veciños que mandaron construír a escola da aldea de Díaz Castro? Colorea o correcto.


CUBA

ALEMAÑA

ITALIA

ARXENTINA

O ENCRUCILLADO DE XOSÉ DÍAZ CASTRO



HORIZONTAIS

- 1.- Cidade española na que traballou de maior Xosé María.
- 2.- Segundo nome de Díaz Castro.
- 3.- Idioma no que escribiu os seus poemas.
- 4.- Etapa da súa vida na que foi estudar ao Seminario.
- 5.- Traballo para o que estudou en Mondoñedo.
- 6.- Un dos idiomas que coñecía moi ben.
- 7.- Título do único libro que publicou.
- 8.- Profesión na que traballou en Madrid.
- 9.- Oficio que tiñan os pais de Xosé María.
- 10.- Primeiro nome de Díaz Castro.


1.- MADRID 2.- MARÍA 3.- GALEGO 4.- MOZO
5.- CREGO 6.- FRANCÉS 7.- NIMBOS
8.- TRADUTOR 9.- LABREGOS 10.- XOSÉ

Xa se fincou nas pereiras
a primavera. Sentín
o vou-e-non-vou de marzo.
¡Xa non hai piedade pra min!

Pasou rispándome a quina
dun cabalo que non vin.
Brandéuse o ceo de vidro
aló por Ponte-Gafín.


Crebóuse a paz coma un fío
nos dentes fríos de abril.
Perdido no remuíño,
¡xa non hai piedade pra min!

Ti, cabelos de ouro e de aire,
nena, ¿en que ceo te vin?
Chuchoume unha meiga os ollos,
ti xa non es metá de ti.



LÉMBRASTE DO POEMA?

3.- Que estación do ano se fincou nas pereiras? Colorea.




4.- Que foi o que non viu o poeta e que lle pasou rispando? Ordena e copia.



5.- Colorea da mesma cor as palabras do poema «Remuíño» de Díaz Castro que están relacionadas.


O ceo	de ouro e de aire
Vou e non vou	de marzo
Os dentes fríos	dun cabalo
Os cabelos	de abril
A quina	de vidro

6.- Na poesía noméanse dous meses. Cales son? Localízaos neste calendario. Arrodeáos, cópiais e escribe o mes anterior e posterior a cada un deles.



	◀		▶	
	◀		▶	

7.- O froito é só unha parte máis da árbore. Poderías colocar o nome de cada parte da árbore onde lle corresponde?



8.- No poema, as palabras que riman, teñen sempre a vogal «i» na última sílaba. Atópaas e escríbeas.

Sentín



9.- O poeta cóntanos que unha meiga lle chuchou os ollos. É increíble porque os ollos non se poden chuchar, pero nesta lista si que hai cinco cousas que podería chuchar a meiga. Coloréaas e escribe os seus nomes.



FERRADURA




GARFO



LIBRO



LEITE



PERA



BOTA





ESCARAVELLO



UVAS

AUGA




ZUME

¡Chorar, chorar, mentres o barco rompe
contra o solpor, na noite!

A túa pipa non verán meus ollos
fomegar máis;
nin o teu riso, para sempre inmenso
abrente na mar.
Lume che din, cinza me queda. ¡Cinza,
capitán!

Soia a sirea do teu barco
toda a eternidá.
Fume nos ollos, area fría
nas miñas maus.
E en boca que perdín, a longa pipa
fumando a miña vida, capitán.



¡Chorar, chorar,
como sempre choraron as mulleres,
ai capitán, con barcos ou sen eles!

LÉMBRASTE DO POEMA?

10.- Que pasa mentres o capitán chora e chora?


11.- Que cousa non verán máis os ollos do capitán? Completa.




a tía pipa fomegar.



un café quente.



un porco ben gordo.



un avión polo ceo.

Non verán os meus ollos ...

12.- No poema «Ai, capitán» aparecen citadas varias partes do día: o solpor, a noite e o abrente, pero o día ten máis partes. Saberías colocar as diferentes partes do día por orde?

ABRENTE

NOITE

MEDIODÍA

LUSCOFUSCO


SOLPOR

MAÑÁ

TARDE

1	A							
2			N					
3						D		
4				D				
5						R		
6				C				
7		O						

13.- Que comida fas a cada hora do día? Une e colorea da mesma cor cada parella.




14.- Localiza as cinco diferenzas nos debuxos do capitán. Escribeas.




Five empty rectangular boxes for writing the differences, arranged in two rows: three in the top row and two in the bottom row.

15.- «Abrente» é unha palabra do texto con **-br-** . Clasifica estouttras palabras con **-br-** na seguinte táboa.



bra	bre	bri
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	bro	bru
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>

16.- O texto de «Ai, capitán» é unha poesía. As poesías están formadas por versos. Cada liña é un verso. Un conxunto de versos agrupados forman unha estrofa. De cantas estrofas consta este poema? Colorea.




Tódo los ríos pasan pola miña
alma, cheos de Deus, música e lapas.
Tódalas pombas fan o meu amor.
A beleza feriume para sempre.

Ó traveso da escura teadaraña
deste mundo unha estrela cai no río
da miña vida e quédame chamando.
A beleza feriume para sempre.


En cada voz eu oio unha chamada
cun longo eco de adeus que non entendo,
pro que me fire coma espada ardendo.
A beleza feriume para sempre.

E as falopas dos anos van caendo
sobre a sede inmortal e os ollos tristes,
¡pro non enterran a boca da ferida!
A beleza feriume para sempre.



LÉMBRASTE DO POEMA?

17.- Que animal se cita no poema «Coma unha espada»? Coloréao e escribe o seu nome.



18.- O eco é o son que rebota. Saberías atopar e arrodear neste rebumbio o nome de outras cinco cousas que poden rebotar?




LIBRO MOEDA ESTOXO
 AFÍA LATA PELOTA
 BOTELLA PORTA RODA
 LARANXA PEDRA GOMA
 FOLIO ANTEOLLOS


19.- Os ríos, aparte de auga, tamén teñen os seus propios animais. Neste rebumbio aparece o nome de catro peixes que poden vivir na auga dos ríos. Localízaos e escríbeos onde lles corresponda.


SALMÓN	BONITO	□	□	□	□	Ó	□
LAMPREA	SARDIÑA	□	□	M	□	□	□
TROITA	NÉCORA	□	□	□	□	T	□
ANGUÍA		□	□	G	□	□	□

20.- Resolve este encrucillado de imaxes con palabras que aparecen no poema «Coma unha espada», de Díaz Castro.



21.- Une os puntos, contando de dous en dous do 0 ao 42, e descubrirás o debuxo. Coloréao.





Segundo Ciclo Primaria

Día das letras galegas 2014

GRUPO DE TRABALLO «LINGUA E POESÍA. XOSÉ DÍAZ CASTRO NO DÍA DAS LETRAS»

Barca Gómez, Marta
Pedrosa Moreno, Julio
Magalhaes Alonso, Laura
Pena Sánchez, Iván
Domínguez Pérez, Luísa
Andrés Losada, Rosa María
Suárez Hermida, Mario Ramón
Guitián Valeiro, Francisco
Herrero Mayor, Armando Xosé
Santiso Andrade, Paz

GRUPO DE TRABALLO «XOSÉ DÍAZ CASTRO NA REDE. ACTIVIDADES TICS INFANTIL E PRIMARIA»

Barca Gómez, María
Vidal Dopazo, María José
Picado Rodríguez, José Antonio
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Hortas González, Isabel
Félix Cedeira, María del Carmen
Rodríguez Rodríguez, Carlos
Fernández de Sanmamed Maneiro, M^a José
Ojea Montes, María Pilar
Vidal Bariego, Laura

COLEXIOS PARTICIPANTES

CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Milladoiro, de Malpica
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP O Cruce, de Cerceda
CEIP Pardo Bazán, da Coruña
CEIP Ponte dos Brozos, Arteixo
CEIP Portofaro, de Cambre
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás
CEIP W. F. Flórez, de Cambre
CPI O Cruce, de Cerceda
CRA de Culleredo

ASESORÍA PEDAGÓXICA

Celina Santamaría Recio

MAQUETACIÓN E DESEÑO GRÁFICO

Manuel Paz Anido (www.edugaliza.org)

AGRADECEMENTOS

À Real Academia Galega, á Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, a Nélida, a Carlos Gallego Domínguez, a María Bao Fente, a Alejandra Campo Penín, a Maryem Sali Duque pola súa colaboración, paciencia e xenerosidade.



EDITA

Seminario Permanente de Formación do Profesorado do
CEIP Galán, Oseiro-Arteixo (A Coruña)
www.seminariogalan.org



Xosé María Díaz Castro naceu na parroquia dos Vilares, do concello de Guitiriz, o 19 de febreiro de 1914.

Procedía dunha familia labrega, polo que Xosé María tivo que traballar en todo tipo de faenas agrícolas.

Os seus primeiros estudos realizounos na veciña escola de Buriz e continuounos na súa aldea natal, na «Escola da Conchada», construída cos cartos enviados polos seus veciños emigrados en Cuba.

Aos quince anos ingresou no Seminario de Mondoñedo para seguir os estudos de crego e alí escribiu os seus primeiros poemas, chegando a publicar algúns no xornal «El Progreso Villalbés», de Vilalba, en Lugo.

Ao deixar o Seminario dedicouse ao ensino e a estudar diferentes idiomas, traballando como tradutor en Madrid, chegando a ser encargado dos servizos de tradución de francés, inglés, alemán, italiano, portugués, holandés e linguas escandinavas.

É autor dun único libro de poemas en lingua galega, «Nimbos», editado no ano 1961 e no que amosa a súa preocupación por Galicia e polos problemas de todo ser humano, a vida, a morte e o paso do tempo.

Este ano a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas pola defensa e uso que fixo do noso idioma.




Xosé María Díaz Castro



SOPA DE LETRAS

Localiza na sopa de letras as respostas destas seis preguntas e escribeas no lugar que lle corresponde.



* Concello no que naceu Xosé M.^a Díaz Castro.

* Mes no que naceu.

* Aldea onde Díaz Castro realizou os seus primeiros estudos.


* Provincia na que se editaba o xornal «El Progreso Villalbés».

* Traballo ao que se adicou Díaz Castro en Madrid.

* Título do único libro que escribiu en lingua galega.

GUITIRIZ FEBREIRO BURIZ LUGO TRADUTOR NIMBOS

DÍAZ CASTRO EN DEZ PALABRAS



HORIZONTAIS

- 1.- Nome da escola construída nos Vilares polos emigrantes en Cuba.
- 2.- Nome do lugar onde naceu.
- 3.- Cidade na que traballou de tradutor de idiomas.
- 4.- Nome da escola onde fixo os seus primeiros estudos.
- 5.- Un dos idiomas do que era tradutor.
- 6.- Lingua na que publicou o seu único libro de poemas.
- 7.- Título do seu libro editado en 1961.
- 8.- Concello lugués no que naceu.
- 9.- Xornal no que publicou os seus primeiros versos.
- 10.- Localidade na que está o Seminario no que estudou de mozo.


1.- CONCHADA 2.- VILARES 3.- MADRID 4.- BURIZ 5.- FRANCÉS 6.- GALEGO
7.- NIMBOS 8.- GUITIRIZ 9.- PROGRESO 10.- MONDONEDO

Coma un río quixera eu ser: cantar
con estrelas no lombo cara ó mar,
deixando unha chorima en cada pedra,
e unha bágoa de Deus en cada herba.

Hai unha cousa clara coma o sol:
prós nosos ollos non está feita a lus
do mundo, o abrente frío que se abreu
cando abrimos os ollos sobre o mundo.

E eu coma a néboa sobre os outos montes
que lles cobre a ferez e mailas bágoas;
e eu coma a estrela que entra polo oco
do lousado do pobre na agonía.

Hai unha cousa clara coma a lus:
que non é pra nós a música do mundo,
a promesa raiante da hora enorme
en que se dixo: *¡outro home veu ó mundo!*



QUE SABES DO POEMA?

1.- Como di o protagonista do poema que quixera ser?

2.- Que cousa non está feita para os nosos ollos?

3.- Por onde entra a néboa?

4.- Que cousa é clara coma a luz?

5.- Nos montes galegos podemos atopar moitos elementos naturais. Uns deles son as árbores, pero... poderías atopar neste rebumbio seis nomes de cousas que poida haber nos nosos montes? Arrodea e escribe.

quenllas

toxos

piñeiros

elefantes

polbos

castiñeiros

raposos

dinosaurios

carballos

codesos

6.- En Galicia os ríos desembocan no océano Atlántico e no mar Cantábrico. Localízaos neste mapa e escribe tres de cada un deles.

The map shows the outline of Galicia with several rivers labeled: Sor, Landro, Eo, Xallas, Tambre, Ulla, Lérez, and Miño. The Atlantic Ocean (OCÉANO ATLÁNTICO) is to the west, and the Cantabrian Sea (MAR CANTÁBRICO) is to the north. To the right of the map are two sets of three horizontal lines for writing, each preceded by a vertical label: 'CANTÁBRICO' and 'ATLÁNTICO'.

7.- As correntes de auga son moi variadas e segundo o seu caudal teñen nomes diferentes. Veña, ponte á faena e descubre nesta sopa de letras o nome de oito correntes de auga.

A word search puzzle consisting of a 10x10 grid of letters. To the left of the grid is a black box with a list of water flow types in Galician: RÍO, ARROIO, TORRENTE, REGO, REGACHO, REGATO, and CORRENTE. Below the grid is a stylized illustration of a waterfall cascading over rocks into a pool of water.

B	C	I	C	E	R	B	A	S	R	D	A
Z	O	T	O	R	R	E	N	T	E	C	R
A	R	A	N	F	O	B	H	L	G	U	R
M	R	N	D	O	I	O	R	I	O	M	O
R	E	G	A	T	O	R	C	F	G	H	I
Z	N	O	R	E	G	A	C	H	O	N	O
P	T	O	Z	X	X	C	H	U	D	A	T
V	E	Ñ	P	T	R	U	X	N	C	U	S

8.- Os nomes concretos refírense a cousas reais e materiais que podemos percibir polos sentidos: neno, paxaro, monte, árbore...
Os nomes abstractos refírense a cousas inmateriais: amor, odio, vergoña, medo... Poderías clasificar algúns destes nomes que aparecen no poema segundo sexan concretos ou abstractos?

RÍO	ESTRELAS	LOMBO	MAR	PEDRA	BÁGOA	DEUS	HERBA
LUS	OLLOS	NÉBOA	AGONÍA	MÚSICA	AMOR	SENTIMENTO	

CONCRETOS

ABSTRACTOS

9.- Escribe unha oración con cada un destes fenómenos meteorolóxicos.



Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron, Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!



COMPRESIÓN DO TEXTO

10.- Que tipo de texto acabas de ler? Colorea.

novela	poesía
narración	conto
biografía	


11.- Que lle estroa o sono ao autor?

12.- Cara a onde vai o tempo?


13.- Que fenómeno meteorolóxico se repite ao longo do poema?

14.- De que estacións fala o poema?

15.- No poema aparecen dous nomes de lugares: Parga e Pastoriza. Os dous comezan pola mesma letra. Cres que podes completar os nomes destas vilas e cidades galegas que tamén comezan pola letra **P**?



16.- Emparella os masculinos e femininos destes animais:



Boi -

17.- A parella de Penélope era Ulises. Coñeces as parellas destes outros personaxes históricos ou literarios?


- Penélope
- Romeo
- Cid
- Quixote
- Tristán
- Caín
- Batman
- Mickey
- Correcamiños



- Robin
- Dulcinea
- Ulises
- Coiole
- Minnie
- Abel
- Xulieta
- Ximena
- Isolda

PENÉLOPE-ULISES ROMEO-XULIETA CID-XIMENA QUIXOTE-DULCINEA TRISTÁN-ISOLDA
 CAÍN-ABEL BATMAN ROBIN MICKEY-MINIE CORRECAMIÑOS-COIOLE

¡Ei, Terra Verde e Mar de Orballo,
polpa dorida se as hai!
¡As túas portas perdín todo
cheiro alleo de terra ou mar
e agora, ó caer no teu colo,
oio pacer a canto hai!



TRABALLAMOS CO TEXTO?

18.- Lembra o poema e completa.

A Terra é , o Mar de ,

a polpa .

¡As túas

cheiro de e

oio pacer a hai!

19.- No poema tamén se fala de que se oe pacer e pacer só pacen os animais herbívoros. Poderías clasificar estes animais en herbívoros, se se alimentan de vexetais, e carnívoros, se se alimentan de carne?

lobo ovella vaca coello can cabalo cebra raposo tigre león

HERBÍVOROS



CARNÍVOROS



Lémbrome ben do vento que cantara
no fío da túa morte, meu amigo,
dos doces días que arrastrou o vento,
da derradeira pomba da esperanza.



COMPRENDES O TEXTO?


20.- De que se lembra o autor?

21.- A quen llo di?

22.- Que arrastrou o vento?

23.- O vocabulario galego é moi rico en palabras que teñen que ver co vento. Ordena alfabeticamente estes seis nomes de tipos de vento

MAREIRO GALGUEIRO REGAÑÓN RINCHANTE RIXO SOÁN



2.-

4.-

6.-

TALLER DE POESÍA

24.- Relaciona e forma parellas que rimen. Pon o teu nome e completa unha rima.

BRAIS
XOEL
ANTÍA
HUGO
NOA


MARCHOU A VIVIR A LUGO.

VAI RECOLLER O MEL.
FOI QUITAR UNHA MOA.
XOGA AOS BIRLOS CON MARÍA.
VAI ONDE VAN OS DEMAIS.

A MALETA POETA

25.- Es quen de facer ti un poema? Podes aproveitar as palabras da «maleta-poeta» para facer rimas.





Terceiro Ciclo Primaria

Día das letras galegas 2014

GRUPO DE TRABAJO «LINGUA E POESÍA. XOSÉ DÍAZ CASTRO NO DÍA DAS LETRAS»

Barca Gómez, Marta
Pedrosa Moreno, Julio
Magalhaes Alonso, Laura
Pena Sánchez, Iván
Domínguez Pérez, Luísa
Andrés Losada, Rosa María
Suárez Hermida, Mario Ramón
Guitián Valeiro, Francisco
Herrero Mayor, Armando Xosé
Santiso Andrade, Paz

GRUPO DE TRABAJO «XOSÉ DÍAZ CASTRO NA REDE. ACTIVIDADES TICS INFANTIL E PRIMARIA»

Barca Gómez, María
Vidal Dopazo, María José
Picado Rodríguez, José Antonio
Guimarey Cedeira, Eva Raquel
Hortas González, Isabel
Félix Cedeira, María del Carmen
Rodríguez Rodríguez, Carlos
Fernández de Sanmamed Maneiro, M^a José
Ojea Montes, María Pilar
Vidal Bariego, Laura

COLEXIOS PARTICIPANTES

CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Milladoiro, de Malpica
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP O Cruce, de Cerceda
CEIP Pardo Bazán, da Coruña
CEIP Ponte dos Brozos, Arteixo
CEIP Portofaro, de Cambre
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás
CEIP W. F. Flórez, de Cambre
CPI O Cruce, de Cerceda
CRA de Culleredo

ASESORÍA PEDAGÓXICA

Celina Santamaría Recio

MAQUETACIÓN E DESEÑO GRÁFICO

Manuel Paz Anido (www.edugaliza.org)

AGRADECEMENTOS

Á Real Academia Galega, á Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, a Nélida, a Carlos Gallego Domínguez, a María Bao Fente, a Alejandra Campo Penín, a Maryem Sali Duque pola súa colaboración, paciencia e xenerosidade.



EDITA

Seminario Permanente de Formación do Profesorado do
CEIP Galán, Oseiro-Arteixo (A Coruña)
www.seminariogalan.org



Xosé María Díaz Castro naceu na parroquia dos Vilares, do concello de Guitiriz, o 19 de febreiro de 1914, sendo o terceiro de catro irmáns.

Procedía dunha familia labrega polo que Xosé María tivo que traballar en todo tipo de faenas agrícolas.

Os seus primeiros estudos realizounos na veciña escola de Buriz e continuounos na súa aldea natal, na «Escola da Conchada», construída cos cartos enviados polos seus veciños emigrados en Cuba.

Aos quince anos ingresou no Seminario de Mondoñedo para seguir os estudos de crego e alí escribiu os seus primeiros poemas, chegando a publicar algúns no xornal «El Progreso Villalbés», de Vilalba, en Lugo.


Ao deixar o Seminario rematou o bacharelato e estudou na Universidade de Salamanca, Filosofía e Letras. Dedicouse ao ensino e a estudar diferentes idiomas, traballando como tradutor en Madrid, onde chegou a ser o encargado dos servizos de tradución do Ministerio da Gobernación.

É autor dun único libro de poemas en lingua galega, «Nimbos», editado no ano 1961 e no que amosa a súa preocupación por Galicia e polos problemas de todo ser humano, a vida, a morte e o paso do tempo. Díaz Castro pertence á chamada Xeración do 36 xunto a Carvalho Calero, Celso Emilio Ferreiro e Aquilino Iglesia.

Este ano a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas pola defensa e uso que fixo do noso idioma.




Xosé María Díaz Castro



Capa de Nimbos, único libro publicado por Díaz Castro.

ONDE VIVIMOS?

1.- Xosé Díaz Castro naceu nunha parroquia. Serás quen de atopar nesta sopa de letras outras palabras do mesmo campo semántico?



QUE SABES DE DÍAZ CASTRO?


2.- A que idade entrou Díaz Castro no Seminario ? En que localidade?

3.- A que universidade foi?

4.- En que Ministerio traballou?

5.- Cal é a temática do seu libro «Nimbos»?

FACEMOS UN ENCRUCILLADO?



HORIZONTALAIS

- 1.- Cidade onde traballou Díaz Castro como tradutor.
- 2.- Concello no que naceu.
- 3.- Nome da escola da súa aldea natal.
- 4.- Nome da escola onde realizou os seus primeiros estudos.
- 5.- País onde estaban emigrados os veciños de Xosé Díaz Castro que enviaron os cartos para construír a escola da Conchada.
- 6.- Universidade na que estudou.
- 7.- Título do seu único libro.
- 8.- En Salamanca estudou Filosofía e ...
- 9.- Traballou no Ministerio da...
- 10.- Xornal no que publicou os seus primeiros poemas.

1.-MADRID 2.-GUITIRIZ 3.-CONCHADA 4.-BURIZ 5.-CUBA 6.-SALAMANCA 7.-NIMBOS 8.-LETRAS
9.-GOBERNACIÓN 10.-PROGRESO

¡Terra sucada, poema
de cen versos na outonía!
Orballa na cal, no escuro
camiño de tantas vidas...

Ferve o grau, pulo enterrado
da esperanza, nena dormida.
¡Terra do ceo arrincada!
Chora a terra desterrada,
terra arada, nai perdida.



COMPREDICHES O POEMA?

6.- Escribe a pregunta para cada unha destas respostas.

_____?

- Na outonía.

_____?

- Na cal.

_____?

- O grau.

_____?

- Dormida.

_____?

- A terra desterrada.

7.- Neste rebumbio de palabras relacionadas coa chuvia metéronse catro que non teñen nada que ver con elas. Poderías localizalas? Dúas pistas: as catro son trisílabas e teñen a consoante «t». Escribe as catro palabras intrusas.

			froallo
orballo			borralla
babuña			babuxa
marmaña			cantina
poallo			patíñeira
			píntega
zarrapallada			pantalla
cantante			zarzallo



8.- Localiza nesta sopa de letras os nomes de oito palabras relacionadas coas poesías.




S	Q	E	R	T	S	O	Ñ	U	P	I
O	C	T	O	S	I	L	A	B	O	L
N	P	I	L	Q	N	R	E	V	U	R
E	I	E	C	U	A	R	T	E	T	O
T	D	Q	L	G	L	R	Ñ	R	F	M
O	P	E	T	H	E	T	Q	S	U	A
E	S	T	R	O	F	A	E	O	R	N
T	I	R	I	M	A	Q	R	O	Ñ	C
R	Ñ	P	O	Q	U	L	T	E	H	E

9.- O millo é un vexetal que hai que sementar e unha galiña é un animal que, evidentemente, non se pode sementar. Arrodea e colorea as cousas que poderíamos sementar.



MILLO	QUENLLA	CAN	PATACA	SARDIÑA	TRIGO
CHÍCHARO	RAPOSO	CEBOLA	VACA	GATO	ALLO
PEMENTO	TOUPA	REPOLO	TIRABEQUE	ZAPATO	

ENCRUCILLADO



HORIZONTAIS

- 1.- Camiño que se percorre, treito.
- 2.- Inclinación por unha persoa.
- 3.- Parte dun edificio que queda baixo terra.
- 4.- Ser celestial creado por Deus.
- 5.- Corrente de aire.
- 6.- Espazo de terreo para ir dun lugar a outro.

VERTICAIS

- 1.- Anaco, parte ou porción pequena dunha cousa partida.
- 2.- Composición literaria, xeralmente en verso.

VERTICAIS: 1.- FRAGMENTO 2.- POEMA
 HORIZONTAIS: 1.- TRAXECTO 2.- AMOR
 3.- ALICERCE 4.- ANXO 5.- VENTO 6.- CAMIÑO

10.- Completa con palabras do poema e saírache un refrán.

T _ _ R R _ _ S _ _ C _ _ D _ _ , P _ _ _ M _ _
 11 23 1 7 4 21 9 20 5 14

D _ _ C _ _ N _ _ V _ _ R S _ _ S _ _ N _ _ _ _ T _ _ N _ _ _
 8 20 12 10 24 2 6

O R B _ _ L L _ _ N A C _ _ L _ _ , _ _ S C _ _ R _ _
 16 17 19

C _ _ M _ _ Ñ _ _ D E T _ _ N T _ _ S _ _ V _ _ D _ _ S _ _
 5 15 13

F _ _ R V _ _ O G R _ _ _ ,
 3

P _ _ L _ _ _ _ N T _ _ R R _ _ D _ _
 22

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17


Q							
18	19	20	21	22	23	24	24

11.- Galicia foi sempre terra agrícola. Di cales destes produtos se sementan e cales son os que se plantan.

TRIGO	CENTEO	PATACA	LEITUGA	PEMENTO	FABAS
--------------	---------------	---------------	----------------	----------------	--------------

<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">SEMÉNTANSE</div>	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">PLÁNTANSE</div>
<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">C</div> _____	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">L</div> _____
<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">T</div> _____	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">P</div> _____
<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">F</div> _____	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">P</div> _____

Estes non son poemas, nin cimentos
de poemas siquera. Son fragmentos
de min mesmo perdidos,
coma ventos fuxidos,
por antigos camiños esquecidos:
¡Díaz Castro perdido no traxeito
dun recordo moi longo, recolleito
por un anxo e salvado
nalgún intre de amor desesperado!

**COMPRENDICHES O POEMA?**

12.- Se non son poemas, nin cimentos, que son?

13.- Que adxectivo acompaña a «ventos»?


14.- Onde se perde Díaz Castro?

15.- Por quen é recollido?

OS EDIFICIOS

16.- Todos os edificios precisan alicerces, os famosos cimentos. Sabe-rías citar o nome de seis edificacións que teñen alicerces? Localízaos nesta sopa de letras.

I	G	R	E	X	A	A	B	O
A	D	F	H	D	R	S	V	A
I	E	P	O	M	B	A	L	T
A	F	A	R	L	R	S	A	S
F	C	O	R	T	E	L	L	O
A	L	P	E	N	D	R	E	R
P	A	Z	O	A	S	D	F	Ñ




ANTÓNIMOS E SINÓNIMOS

17.- Une os sinónimos e os antónimos coas palabras da caixa central.

 <p> PRIVADO ESCAPADO OLVIDADOS LIBRADOS AGARDADO RECADADO </p>	<p> PERDIDOS FUXIDOS ESQUECIDOS SALVADO ESPERADO RECOLLIDO </p>	 <p> PERMANENTES LEMRADOS DESESPERADO DESCOLOCADO COLLIDO ATOPADOS </p>
---	--	--

O ENCRUCILLADO

18.-Completa o encrucillado dos ventos lendo a definición de cada un deles.



HORIZONTAIS

- 1.- Vento que se produce polo mar da China ou no océano Índico, entre xullo e outubro.
- 2.- Vento moi forte que non chega a ser declarado temporal.
- 3.- Gran tempestade que acontece en rexións tropicais ou subtropicais.
- 4.- Vento de pouca intensidade.
- 5.- Vento moi forte en forma de remuíño ascendente que ocorre polo xeral nas zonas temperás do hemisferio norte.


VERTICAIS

- 1.- Vento impetuoso e temible que xira en círculos.
- 2.- Ventos que se producen no sur e suroeste de Asia.

HORIZONTAIS: 1.- TIFÓN 2.- VENDAVAL 3.- CICLÓN 4.- BRISA 5.- TORNADO
VERTICAIS: 1.- FURACÁN 2.- MONZÓN


Non sei por qué me deron esta mañá vidrada
chea de alas de pomba.

Foi, se cadra, un grande anxo esquencido que tivo
dó destes ollos cansos.



Non sei por qué me deron esta tarde tan cenza
cunha fonte no medio.

Quezais nunha batalla sen nome oieu a Virxe
voz que Ela coñecera.



E esta noite baixiña con mil ventás acesas,
je baixo dela un leito!

Quezais Deus, tendo dó da noite que hai en min,
variou soles e mundos...

COMPRENDICHES O POEMA?

19.- De que está chea a mañá vidrada?


20.- Como están os ollos?

21.- Onde está a fonte?

22.- Cantas ventás están acesas?

O DÍA POR DIANTE

23.- Localiza nesta sopa de letras o nome de once partes do día.




M	A	D	R	U	G	A	D	A	T	M
I	M	A	Ñ	A	N	C	I	Ñ	A	E
S	A	M	L	B	O	D	G	Ñ	R	D
O	Ñ	E	C	R	I	R	T	E	D	I
L	A	N	L	E	T	R	Ñ	R	E	O
P	P	C	H	N	E	M	N	S	U	D
O	S	E	R	T	C	X	E	O	R	I
R	I	R	F	E	X	S	A	L	B	A
A	T	A	R	D	E	C	E	R	H	E

MADRUGADA MAÑANCIÑA ALBA ATARDECER SOLPOR MAÑÁ AMENGER ABRENTE NOITE TARDE MEDIODÍA

COMO É CADA UN?

24.- Une cada animal co adxectivo axeitado.



intelixente **fiel** **guepardo**
tartaruga **xirafa** **elefante**
rápido **formiga** **traballadora**
lenta **alta** **can**